



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
CESANTES
26 DE NOVEMBRO DE 2014

ORDE DO DÍA

1.- Ubicación do contenedor da praia.

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e cinco minutos, do día vinte e seis de novembro de dous mil catorce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Cecilia Pérez Orge, representante do BNG
- Francisco Muíños Barros, representante do PP
- Luis Medal Fiel, representante de AER
- Fernando González Fontán, representante das asociacións veciñais e a súa suplente Rosa María Barreiro Sotelino
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- María Fernanda Castro Montero, representante das asociacións culturais
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais
- José Ramón Bouzón Loureiro, representante das asociacións culturais e a súa suplente Ana María Rivero García
- Juan Carlos Araújo Alonso, representante das entidades deportivas
- José Ignacio Novelle García, representante das entidades deportivas
- Magdalena Ramoné Otero, representante do colectivo do mar
- Marta Rosa Ramos Álvarez, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

1.- Ubicación do contenedor da praia.

O Presidente informa que o Consello se convocou para clarexar as noticias que saíron na prensa e demais comentarios sobre o contenedor da praia. Informa que por parte do Concello non hai problema en sacalo de alí e poñelo noutra ubicación, en todo caso, o que decida o Consello transmitirase ao Concello para que o considere.



CONCELLO DE REDONDELA

Ademais, indica que el, como Concelleiro de Deportes, vai a retirar as redes de voleibol e o que se pretende e deixar limpa toda aquela zona para poder medio ambiente realizar as actuacións pertinentes.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que eles van a favorecer o que acorde a maioría dos colectivos do Consello.

Jorge Rodríguez Crespo comenta que o luns se reuniron e chegaron a un acordo e pide que se faga constar que a directiva da asociación de veciños non vai a tomar ningunha decisión, que para eles a única solución é retirar o contenedor.

Fernando González Fontán contéstalle que respectarán a opinión dos demais pero eles opinan retiralo.

Jorge Rodríguez Crespo di que acordaron autorizar ao Concello a colocar o contenedor no lateral esquerdo da caseta do club de remo, onde está a caseta da comisión da Festa do Carme, coa condición de que se use para cursos náuticos ou similares, organizados polo Concello non por unha empresa privada. No tempo que non se use o utilizará o club de remo e de cara ao verán potenciarase a escola de remo, dando cursos de remo aos rapaces. En todo caso, de non ser con esas condicións, nin o club de remo nin as outras asociacións estarían de acordo en colocalo alí.

Cecilia Pérez Orge pregunta se ninguén está de acordo coa ubicación de agora.

Marta Rosa Ramos Álvarez contéstalle que se o uso vai a ser para o que eles piden, o colocarían ao lado do club de remo pero se é para algo distinto piden que o quiten.

Cecilia Pérez Orge di que o importante é que todos se manifestan en contra de onde está agora o contenedor e piden que se poña noutra zona cunhas condicións.

O Presidente comenta que para realizar deportes nauticos a ubicación é mellor na zona de praia porque ao lado da caseta de remo queda un pouco a desmán.

Marta Rosa Ramos Álvarez di que diante da caseta de protección civil tamén hai unha boias e se podería usar ese espazo en vez do outro ao lado da capela.

O Presidente acláralle que cree que esa entrada so é para protección civil.



CONCELLO DE REDONDELA

José Ramón Bouzón Loureiro comenta que coa experiencia que el ten, o mellor sitio para os cursos é onde está a capela.

O Presidente contéstalle que por ese motivo se colocaron alí as balizas.

Luis Antonio Medal Martínez engade que ao estar balizado a xente xa está informada de que esa zona se usa como canal de saída.

Jorge Rodríguez Crespo di que se hai un curso beneficioso e interesante que precise estar preto da praia poderíase pensar a ubicación.

Cecilia Pérez Orge comenta que o contenedor está alí polo curso que se fixera e quedou alí. Terá que estar nun sitio que non faga dano á praia e poida usarse para facer cursos.

Fernando González Fontán pregunta quen dá os cursos, se o Concello ten persoal cualificado para iso.

O Presidente contesta que o Concello contratará a unha empresa especializada. Engade que unha cousa é que unha empresa privada pida alquilar o contenedor para organizar ela un curso e outra cousa é que a través do Concello se contrate unha empresa para impartir un curso.

Cecilia Pérez Orge manifesta que o normal é que unha vez que se remate o curso, a empresa leve o material, non deixalo almacenado no contenedor.

Fernando González Fontán solicita que non volva a suceder o que ocorreu co contenedor, que se teña en conta ao Consello e se se vai a comprar algo de relevancia ou facer algunha actuación importante que se convoque ao Consello para informalo.

O Presidente di que si se pode informar da compra, e que neste caso, o Concello decidiu como corporación comprar o contenedor e despois poden decidir levalo para outro sitio.

Luis Medal Fiel pide que se teña mais en conta a opinión do Consello.

Cecilia Pérez Orge di que dos investimento tense que dar conta ao Consello.

Fernando González Fontán pregunta sobre a noticia do Faro de Vigo que poñía que se ía destinar o contenedor a hamacas e que iso causou confusión na xente, porque nunha prensa pon unha cousa e noutra outra.

O Presidente contesta que simplemente foi unha nota de prensa, que non é certo.

O Presidente comenta se queren fixar unha data para a celebración do próximo Consello e acordan entre todos celebralo o mércores 17 de decembro ás 20:00 horas.



CONCELLO DE REDONDELA

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.